

Regulamento dos Traballos Fin de Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela

**Aprobado na Comisión Académica do Máster en
Desenvolvemento Económico e Innovación de 11 de
Decembro de 2013**

**Informado na Xunta de Facultade de 18 de decembro de
2013**

**Ratificado no Consello de Goberno de 30 de xaneiro de
2014**

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este Regulamento de Traballos Fin de Máster (en adiante TFM) ten por obxecto a regulación do proceso de realización e avaliación dos TFM da titulación de Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación (DEIN) que se imparte na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Desenvólvese ao abeiro da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos Fin de Grao e Fin de Máster da Universidade de Santiago de Compostela

Capítulo 1. Consideracións Xerais

Artigo 2. Características do TFM

Segundo o RD de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, as ensinanzas de Máster concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de máster, que terá entre 6 e 30 créditos.

O Máster DEIN conta con dúas materias TFM en coherencia coas dúas orientacións (académico-profesional e investigadora) que oferta: P3131111 Traballo Fin de Máster-Orientación Académico-Profesional (6 créditos ECTS) e P3131112 Traballo Fin de Máster (Memoria Investigación)-Orientación Investigadora (12 créditos ECTS).

Artigo 3. Obxectivo do TFM

O TFM consiste na elaboración por parte do/a alumno/a dun traballo orixinal de carácter individual no que se demostren e apliquen os coñecementos e destrezas adquiridos durante os estudos realizados na titulación de Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación e se desenvolvan as competencias indicadas no Plan de Estudos.

Segundo aparece recollido no Plan de Estudos, cada modalidade de TFM consiste en:

- a) TFM-6: elaborar un traballo equivalente a 6 créditos ECTS, no que o/a estudante debe realizar unha revisión de literatura e unha achega empírica ou un estudo de caso.
- b) TFM-12: elaborar un traballo equivalente a 12 créditos ECTS, no que o/a estudante debe realizar unha exhaustiva revisión teórica e unha análise empírica para achegar unha contribución orixinal e significativa ao coñecemento da liña de investigación na que se encadre.

Artigo 4. Contidos do TFM

1. O/a estudante deberá realizar e presentar un traballo individual e orixinal no que demostre as competencias adquiridas ao longo dos seus estudos, baixo a supervisión dun ou máis titores académicos. O traballo debe integrar e desenvolver os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante os estudos de Máster.
2. Os traballos deberán estar orientados á aplicación das competencias asociadas á titulación, a capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes da súa área de estudo, para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

Artigo 5. Matrícula e réxime de convocatorias

1. Rexerase pola convocatoria de matrícula de cada curso académico en canto a requisitos, prazos e demais circunstancias.
2. O TFM só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, salvo os correspondentes ao propio traballo.
3. A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das previstas no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.
4. A Comisión Académica do Máster concretará as datas para a celebración das defensas dos Traballos nos intervalos temporais que fixe o calendario académico.
5. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de dúas, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. No caso de obter a cualificación de non presentado en todas as oportunidades, considerase consumida a convocatoria. Para poder realizar a presentación do traballo no curso seguinte será necesaria a formalización de nova matrícula.
6. O suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o TFM por ter materias pendentes dará dereito, se así o solicita, á renuncia da convocatoria.

Capítulo 2. Propostas, titores e asignación dos TFM

Artigo 6. Titor/ra do TFM

1. Cada TFM require un titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo.
2. O titor ou titora será ordinariamente persoal docente e investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na titulación. No caso de TFM-12 ten que ser PDI da titulación doutor.
3. Por razóns xustificadas e se a Comisión o estima oportuno, poderá designarse un cotitor, ou excepcionalmente dous cotitores.
4. Excepcionalmente, tamén poderán ser cotitores profesores da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou *ad honorem* e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais

especializados, segundo o establecido no artigo 5 da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela.

5. A Comisión Académica do Máster velará pola dispoñibilidade de titores dos Traballos para cada curso, e a súa asignación aos estudantes matriculados ao comezo do segundo cuadrimestre ou no primeiro, no caso de presentación na oportunidade de febreiro.
6. Os TFM poderán desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións ou no marco de convenios de intercambio de estudantes, sempre que o convenio o permita.
7. O recoñecemento dos labores de titorización e avaliación de Traballos de Fin de Máster farase nos termos previstos anualmente na Normativa de Programación Académica Anual da USC.

Artigo 7. Temas dos TFM

A Comisión Académica do Máster solicitará cada curso académico ao profesorado da titulación as propostas de temas sobre os que realizar o TFM. Esa lista de temas non ten carácter restritivo, podendo propoñer os estudantes temas do seu interese relacionados cos contidos da titulación, sempre que contén co visto e praxe dun profesor da titulación.

Artigo 8. Asignación dos temas dos TFM

Rematado o prazo de matrícula, a Comisión Académica do Máster comezará o proceso de asignación de temas e titores de TFM para o alumnado matriculado no curso anterior na materia TFM. Dito alumnado deberá solicitar, seguindo o procedemento e prazos que se indiquen en cada curso académico, manter o tema e titor/ra ou propoñer un novo tema e titor/a, contando en calquera dos dous casos co visto e praxe do titor/a. De non presentar a súa solicitude, enténdese que se somete a un novo proceso de asignación de título e titor/a xunto co alumnado que se matricule por primeira vez nesta materia.

Antes do comezo do segundo cuadrimestre, a Comisión Académica do Máster publicará o listado de temas proposto polo profesorado. Posteriormente, o alumnado entregará unha solicitude, seguindo o procedemento e prazos establecidos, na que indique os temas e o titor/a elixidos por orde de preferencia. A asignación de temas realizarase pola Comisión Académica do Máster tendo en conta as preferencias expresadas polo/a estudante, a afinidade temática e a distribución entre o profesorado da titulación. De ser necesario, teranse en conta criterios académicos.

Artigo 9. Funcións do/a titor/ra

O/a titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

O/A estudante deberá enviarlle ao titor/ra o traballo finalizado coa antelación

suficiente para a súa revisión e para que permita a realización das correccións necesarias, así como para valoración final e a emisión do informe por parte do titor.

Capítulo 3. Características dos TFG

Artigo 10. Extensión do TFM

A extensión do TFM-6 será de aproximadamente 40-50 páxinas.

A extensión do TFM-12 será de aproximadamente 80-100 páxinas.

Artigo 11. Traballo a presentar

O documento presentado amosará o traballo desenvolvido polo/a alumno/a.

Como norma xeral, incorporará como mínimo os seguintes apartados:

a) Páxina inicial: Nesta páxina aparecerá

- i) O título completo do Traballo fin de Máster.
- ii) O seguinte parágrafo: “Traballo Fin de Máster presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela por NOME DO ALUMNO/A, como requisito para obter o título de Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación”.
- iii) Ano de presentación.
- iv) Nome do estudante.
- v) Nome do titor/a.
- vi) Nome da materia, indicando se é TFM-6 ou TFM-12.

b) Resumo de aproximadamente 5 páxinas no TFM-6 e de 10 páxinas no TFM-12.

c) Índice de contidos, de táboas, de gráficos, etc.

d) Introducción, na que figurarán os obxectivos, metodoloxía e interese do traballo.

e) Traballo realizado: incluírá unha parte de análise teórica e outra empírica.

f) Conclusións e posibles ampliacións: debe incluír os principais resultados do traballo, de que xeito o traballo realizado cumpre os obxectivos do apartado d), así como cales son as limitacións do traballo e as posibles ampliacións.

g) Bibliografía, incluírá a bibliografía empregada para a realización do traballo.

A estrutura, o formato e a presentación pública detallaranse nas instrucións que cada curso establecerá a Comisión Académica do Máster.

Capítulo 4. Depósito e defensa dos TFM

Artigo 12. Prazos

A Comisión Académica do Máster aprobará o programa/guía docente e os períodos de avaliación dos TFM, que se comunicarán ao alumnado con suficiente antelación.

Artigo 13. Depósito do TFM

1. O alumno entregará na Secretaría do Departamento de Economía Aplicada (2º andar, despacho 219), en horario de 9 a 14 horas, nas datas que se indiquen nas instrucións elaboradas pola Comisión Académica do Máster, tres copias do TFM e unha copia electrónica en formato PDF.

2. Xunto co traballo, o/a estudante cubrirá un formulario de “Solicitude de Avaliación”, no que se indique o título do TFM en galego, castelán e inglés, tal e como figurarán no Suplemento Europeo ao Título.

3. O depósito do TFM requirirá o informe previo e preceptivo do/a titor/ra, no modelo establecido pola Comisión Académica do Máster.

4. O depósito e solicitude de avaliación dun TFM implica a súa defensa na primeira oportunidade de avaliación que teña lugar. Se non obtén unha cualificación de aprobado ou superior, o estudante pode solicitar a devolución dos orixinais e copias e deberá volver a realizar o depósito e solicitar a defensa pública na seguinte oportunidade de avaliación á que decida concorrer.

Artigo 14. Defensa pública dos TFM

1. Os TFM requirirán sempre de presentación e defensa pública ante un tribunal nomeado pola Comisión Académica do Máster.

2. A presentación dos Traballos será realizada polo/a estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados polas respectivas Comisións, poderá realizarse a defensa polos medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

Capítulo 4. Avaliación do TFM

Artigo 15. Tribunais de avaliación

1. Cada Tribunal estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación e, polo menos, un suplente. No caso do TFM-12 todos os membros do tribunal deben ter o título de doutor. Os titores dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

2. En cada Tribunal haberá un/unha presidente/a e un/unha secretario/a. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo e o/a secretario/a será o de menor categoría e máis novo. O/a presidente/a e secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións. Procurarase que a participación dos membros dos tribunais sexa rotatoria.

3. No caso de que un dos membros do Tribunal non poida asistir e deba actuar o suplente, este substituirá ao membro ausente tamén no cargo que ostentaba dentro do Tribunal.

4. A Comisión Académica do Máster designará os tribunais que actuarán en cada oportunidade de avaliación, unha vez coñecidos os estudantes que efectuaron o depósito para esa oportunidade.

5. O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo e ao cotitor/a, así como a profesores/as especializados/as na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

6. A cualificación farase pública no taboleiro de anuncios do Máster nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

Artigo 16. Requisitos de avaliación

1. Os TFM só poderán ser avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todas as materias restantes do plan de estudos e dispón de todos

os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, salvo os correspondentes aos propios traballos.

2. A Comisión Académica do Máster deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa avaliación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e avaliación aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias, o secretario/a académica do Máster solicitaralle ao profesorado encargado das materias, que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia someterse a avaliación nesa oportunidade. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos Traballos.

3. A Comisión Académica do Máster aprobará e informará con suficiente antelación ao alumnado das datas de exposición e tribunais de avaliación.

Artigo 17. Criterios de Avaliación

Os membros do Tribunal de Avaliación realizarán un informe, segundo o modelo que se elaborará para estes efectos, no que avaliarán, de 0 a 10, os seguintes aspectos:

- a) Calidade do Proxecto: orixinalidade, interese da temática, formulación e claridade dos obxectivos, capacidade para delimitar ben o ámbito de estudo, cumprimento dos obxectivos propostos, estrutura, adecuación da metodoloxía, manexo de bibliografía e de información empírica, desenvolvemento das tarefas formuladas, contribucións, resultados e conclusións.
- b) Presentación escrita do TFM: presentación formal (expresión escrita, redacción, ortografía,...) e formalidade da redacción académica (citas, referencias, fontes de datos, táboas e gráficos, ...)
- c) Defensa pública: concisión, claridade expositiva e capacidade de resposta ás preguntas e comentarios formulados polo Tribunal.

O Tribunal de Avaliación poderá ter en conta, no momento de cualificar o traballo, o informe no modelo establecido previamente presentado polo tutor/ra do TFM.

A cualificación final outorgada por cada membro da Comisión ao TFM obterase de acordo coa seguinte ponderación:

- a) Calidade do TFM (C): 65%.
- b) Presentación escrita do TFM (PE): 15%.
- c) Defensa Pública (DP): 20%.

Cualificación Final: $0,65 * C + 0,15 * PE + 0,20 * DP$ (indicada cunha cifra decimal).

A cualificación final do TFM obterase como media aritmética (indicada cunha cifra decimal) das cualificacións outorgadas polos membros da Comisión.

Artigo 18. Proceso de Avaliación

Establécese o seguinte proceso de avaliación:

- a) A Comisión Académica do Máster realizará a convocatoria de avaliación.
- b) Unha vez realizada a defensa pública, os membros do Tribunal completarán o proceso de avaliación do TFM.
- c) O Tribunal de avaliación informará da cualificación á Comisión Académica do Máster que as publicará no taboleiro de cualificacións do Máster nun prazo máximo de sete días desde a data de defensa pública do traballo

2. O alumnado terá dereito á revisión das cualificacións segundo o procedemento establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos

estudantes e de revisión de cualificacións.

3. A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. No caso de existiren dous ou máis tribunais avaliadores, a atribución desta cualificación corresponderá realizala á Comisión Académica do Máster, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

Capítulo 5. Dereitos do alumnado. Publicación dos traballos.

Artigo 19. Dereitos do alumnado sobre os traballos da súa autoría e publicación

1. Ademais do réxime xeral de conservación de traballos, unha copia dos TFM superados en formato electrónico quedará depositada baixo custodia da Comisión Académica do Máster DEIN e poderán ser utilizados para usos académicos e de investigación na USC, coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos, o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

2. A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao alumno/a que o realizou. No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

3. A Comisión Académica do Máster poderá propoñer a publicación dos TFM que destaquen pola súa calidade. Os autores destes traballos, co visto e prace do titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC.

Disposición Final. Entrada en vigor

Este Regulamento será de aplicación a partir do curso 2013-14.